

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2024 pola que se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e se convocan as persoas aspirantes á realización do segundo exercicio do proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade bioloxía (microscopía).

Mediante a Resolución reitoral do 13 de febreiro de 2024 (DOG do 22 de febreiro e BOE do 5 de marzo), convocáronse probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional e técnico/a especialista de investigación, especialidade bioloxía (microscopía), grupo III, pola quenda de acceso libre.

Mediante a Resolución reitoral do 27 de marzo de 2024 (DOG do 8 de abril), aprobouse a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas nas mencionadas probas selectivas e fixouse un prazo para emendar os defectos que motivasen a exclusión ou omisión.

Rematado o dito prazo e consonte o establecido na base 4.4 da convocatoria,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar aprobada e facer pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas.

Segundo. Indicar que a citada listaxe definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web: <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>.

Terceiro. Todas as persoas aspirantes están exentas da proba de galego, polo que se lles convoca para o segundo exercicio da fase de oposición o día 10 de setembro de 2024, ás 11.30 horas, na aula 5 da Facultade de Veterinaria do Campus de Lugo.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos demais exercicios efectuarase polo tribunal, nos locais onde se realizase a proba anterior, no taboleiro electrónico da universidade e na páxina web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/PAS/oep/listado>

CVE-DOG: b5groy9p9-w143-pmc0-5g13-pyqoz2mne4a9



Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro do artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2024

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: b5groy9p9-w143-pmc0-5g13-pyqoz2mne4a9

